

EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL



Para amar ben os nenos debemos valorar as súas vidas interiores para construír mundos, tanto públicos como privados, onde o seu dereito á plenitude poida ser consistentemente celebrado e afirmado, onde a súa necesidade de amar e ser amados poida ser realizada.

A vontade de cambiar. bell hooks. Ed.Laiovento. 2023

Na película *La eternidad y un día* (Theo Angelopòulos, 1998) o protagonista, no final da súa vida, faise a seguinte pregunta: «*Mai, por que non temos aprendido a amar?*». A trama do filme desenvolve o dilema do protagonista: morrer como alguén alleo aos demais ou aprender a amalos e a comprometerse con eles.

Probablemente esa pregunta poderíamola facer calquera de nós e, como docentes, a resposta máis acáida podería ser a seguinte: «*porque non se nos ensina*». Non teño claro se o verbo *amar* pode albergar a riqueza semántica do que denominamos educación emocional, mais coido que se no ensino educásemos no amar, abundaría para conseguir unha vida emocional completa e equilibrada.

Sen deixar de recoñecer os avances no que á educación emocional se refire, tanto na formación do profesorado como das familias, a experiencia docente segue a mostrarnos que *o piso de abaixo da escola (o non cognitivo)* está esquecido como competencia esencial a educar, cando debería ser a competencia máis transversal e case condición de posibilidade das demais competencias educativas.

Ensimesmados nos contidos cognitivos curriculares, seguimos a guindar ao mundo, despois de pasar por nós, xeracións de crianzas e adolescentes ás que lles demos escasas ferramentas para amar, para a condución equilibrada e empática dos desexos e paixóns. Currículo e contidos si, mais... é preciso lembrar o que todos os estudos psicopedagóxicos e da neurociencia apuntan: calquera aprendizaxe asenta mellor nunha alma emocionalmente acougada. Non será doado que a ventá cognitiva dunha crianza estea suficientemente aberta ao saber se o seu ser non recibe o afecto que nos axuda a camiñar seguros pola vida.

Todas e todos sabemos hoxe que a nosa personalidade descansa sobre un ser cheo de paixóns que precisan ser xestionadas/conducidas coa razón. Atopámonos con crianzas e adolescentes eivadas de ferramentas para o dominio dos desexos, da tristura, da empatía, da dor, da sexualidade, do amor e do desamor... coas que, como docentes, nos debemos comprometer. É un compromiso que nos interesa a nós como educadores/as e como formadores/as da sociedade e do País que imaxinamos ou desexamos para o futuro. O equilibrio emocional reduce o conflito entre as persoas, nas aulas e na sociedade, ao mesmo tempo que podemos colaborar para que as persoas sexan fontes das que pode emanar a construción da felicidade común.

Como comunidade temos a obriga, profesional e humana, de ollar para o alumnado como unha entidade emocional ensinándoo a amar e a amarse. Como di *bell hooks*: «*amar de verdade combina varios elementos: coidado, afecto, recoñecemento, respecto, compromiso, e confianza...*».

Calcular as consecuencias sociais e políticas dun novo modelo de ensino que faga da competencia emocional o cerne do sistema educativo non é doado e, ao mellor, é imposible, mais quizais o problema consiste en pensar unha ciencia humana como é a educación ou pedagogía coma se fose unha ciencia exacta. Os nosos éxitos como docentes non os imos gozar a curto prazo, mais non debemos deixar que a non inmediatez dos resultados xustifique a inacción docente e si debemos afirmarnos nos nosos principios orientadores do horizonte: a igualdade, a liberdade e a paz. Grazas ao ensino público mudamos a nosa sociedade cara valores de tolerancia e democracia en moitos eidos, mais chegou a hora de ir máis aló e non só actuar de xeito defensivo, senón propositivo ante a educación emocional e sexual das crianzas, das e dos adolescentes e das súas familias. Toca facer un segundo avance no ensino público e aquí atoparedes propostas.

Desde a *Revista Galega de Educación* convidamos toda a comunidade educativa á abordaxe profunda da educación emocional desde unha serie de artigos teóricos, poñendo á beira deles algunhas das boas prácticas educativas do noso profesorado. Desde a dicotomía filosófica da razón e a paixón, adentrámonos na educación sexual, na pornografía, no feminismo, na masculinidade tóxica... para continuar a erguer esa tarefa inconclusa do mellor dos mundo posibles.

Para protexer... as vidas emocionais dos nenos debemos desafiar a cultural patriarcal... e crear subculturas... onde os nenos poidan aprender a ser quen son, sen ser forzados a axustarse ás visións masculinas patriarcais.

A vontade de cambiar. bell hooks. Ed.Laiovento. 2023

Xosé Cabido Pérez
Coordinador do monográfico

Resumos Resúmenes Abstracts

01.

REBECA BACEIREDO PÉREZ

GAL/ APRENDIZAXE EMOCIONAL: DA ESFERA DOMÉSTICA AO LOCUS DO MERCADO

A educación práctica, que inclúe o ámbito emocional, correspondía, tradicionalmente, aos axentes que realizan a socialización primaria. A incorporación da esfera emocional como elemento esencial para o desenvolvemento integral do individuo leva consigo o risco de suprimir o acceso das clases populares ao coñecemento teórico, así como de ser reducida a unha serie de dogmas, técnicas do eu, que reproducen o nomos, o costume e a moral dunha posmodernidade implementada segundo os intereses do capital.

- Praxe, aprendizaxe emocional, técnicas do eu

CAS/ APRENDIZAJE EMOCIONAL: DE LA ESFERA DOMÉSTICA AL LOCUS DEL MERCADO

La educación práctica, que incluye el ámbito emocional, corresponde, tradicionalmente, a los agentes que realizan la socialización primaria. La incorporación de la esfera emocional como elemento esencial para el desarrollo integral del individuo conlleva el riesgo de suprimir el acceso de las clases populares al conocimiento teórico, así como de ser reducida a una serie de dogmas, técnicas del yo, que reproducen el nomos, la costumbre y la moral de una posmodernidad implementada según los intereses del capital.

- Praxis, aprendizaje emocional, técnicas del yo

ENG/ EMOTIONAL LEARNING: FROM DOMESTIC SPHERE TO THE MARKET PLACE

Practical education, which includes the emotional sphere, traditionally corresponds to the agents who carry out primary socialization. The incorporation of the emotional sphere as an essential element for integral development of the individual carries the risk of sup-